MINI GUÍAS PRL

A PREVENCIÓN, MELLOR ENTENDIDA. E MELLOR APLICADA.

CEG

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

Mini Guías de revisión e puntos de control

Esta guía práctica transforma as nove frases da campaña **Retranca na PR**L en **puntos de control verificables** da xestión da prevención de riscos laborais. A idea é ir máis alá da sensibilización e utilizar cada refrán como unha pregunta para comprobar se a prevención funciona realmente nos centros de traballo.

Como utilizar as mini guías

Para cada frase inclúense o obxectivo preventivo, as preguntas de revisión e as evidencias que convén comprobar. Pode aplicarse nunha reunión de seguimento, nunha inspección interna ou na revisión periódica do sistema preventivo.

- Cumpre: hai evidencias de que a medida está implantada e funciona.
- Cumpre parcialmente: existe, pero é incompleta, irregular ou non se verifica a súa eficacia.
- Non cumpre: a medida non existe ou non é efectiva.
- Non aplica: non corresponde aos riscos ou procesos da empresa, deixando constancia do motivo.

Unha resposta positiva debe apoiarse en evidencias, non só na existencia dun procedemento escrito.

Integración das mini guías no proxecto

As mini guías incorpóranse como unha ferramenta complementaria á campaña da CEC, mantendo a súa **linguaxe próxima e a retranca como recurso de sensibilización**, pero vinculando cada mensaxe a unha comprobación concreta.

As mini guías son unha **proposta práctica de autoavaliación**. Non substitúe a avaliación de riscos específica, a planificación preventiva legalmente esixible nin as comprobacións técnicas que correspondan a cada actividade.



Máis list@ que un allo

Coa seguridade por diante, intelixencia ao instante.

Obxectivo preventivo: aproveitar a experiencia profesional sen dar por feito que a antigüidade garante a seguridade.

Puntos de control:

- Antes de iniciar unha tarefa non habitual, compróbanse os riscos específicos e as medidas necesarias.
- As decisións sobre máquinas, ferramentas, produtos e métodos de traballo teñen en conta a seguridade desde o principio.
- Priorízanse a eliminación do risco e as medidas de protección colectiva fronte á dependencia exclusiva dos equipos de protección individual.
- O persoal recibe formación práctica suficiente para realizar as tarefas con seguridade.
- As instrucións son claras e accesibles, incluídas as persoas con dificultades lingüísticas ou outras necesidades de adaptación.
- Non se improvisan solucións que anulen resgardos, eludan procedementos ou comprometan a seguridade.

Evidencias que revisar: avaliación de riscos, instrucións de traballo, rexistros formativos, autorizacións específicas cando procedan e comprobacións dos equipos.

Pregunta clave: estamos resolvendo os problemas con criterio preventivo ou confiando en que a habilidade individual compense os riscos?

Quen financia esta iniciativa?

Esta iniciativa está financiada pola Xunta de Galicia, , ao abeiro das axudas en materia de prevención de riscos laborais segundo a Lei 31/1995.

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec
CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA

Co financiamento de:
XUNTA
DE GALICIA

A TÚA VOZ CONTA

Falamos? Manda ti primeiro, que nós escoitamos.

cec.es

prevencion@cec.es

981 558 456